

NORMAS PARA O VOLUNTARIADO DO CENTRO DE PROTECCIÓN ANIMAL DE ZARRAMACEDO

O labor do persoal voluntario que preste os seus servizos no Centro de Protección Animal de Zarramacedo rexerese estritamente polas normas que seguen, que debe coñecer e aceptar, xunto coa Lei 6/1996, do 15 de xaneiro, de voluntariado, que se achega:

- 1- A prestación de servizos voluntarios autorizarase por períodos de tres meses, durante os cales o/a voluntario/a disporá dunha acreditación que deberá devolver ao remate do período.
- 2- Os servizos voluntarios ateranse ao calendario fixado previamente e os/as voluntarios deberán notificar as ausencias con tempo abondo para que poida ser cuberta a quenda que lles corresponde.
- 3- O persoal voluntario estará baixo as ordes dun/ha voluntario/a responsábel, encargado/a de distribuír o seu traballo, de resolverlle as dúbidas que poidan xurdir e de recoller calquera incidencia ou suxestión que comunique.
- 4- Os/as voluntarios, ao inicio da súa xornada, deberán consultar as instrucións que se expoñan no taboleiro do Centro, nas que se indicarán os animais que poden saír a pasear, aqueles que non son compatíbeis os que poden bañarse, etc.
- 5- En ningún caso se poderá cambiar os animais de gaiola ou de compañeiro. De producirse algunha incidencia (pelexas, animais enfermos, cadelas en celo etc,) comunicarase ao/á voluntario/a responsábel para que este/a o poña en coñecemento do/a coidador/a ou do servizo veterinario.
- 6- A saída dos animais aos parques de recreo deberá seguir estritamente as seguinte instrucións:
 - Sacaranse unicamente os animais e nas condicións que indique o responsábel do voluntariado, especialmente no relativo aos parques que se utilicen e á compatibilidade entre os cans.
 - Os animais irán sempre atados ata o parque de recreo.
 - Nunca se dexarán sós nos parques, xa que poden escapar, pelexar, ferirse, etc.
 - Recolleranse as defecacións que se produzan.
 - Antes de choer os cans daráselles un bo ceplillado.
 - Calquera problema que se advirta será notificada ao/a voluntario/a responsábel (diarreas, coxeira.,ferfidas, aparición de celo, etc).
- 7- Nunca se xuntarán no corredor dous cans de gaiolas distintas xa que poden pelexar entre eles.
- 8- Ao final da xornada, o persoal voluntario deberá deixar limpos e recollidos nas mesmas condicións en que os atopou os recintos e o material utilizado durante esta (enfermería, baño corredor, gaiolas, pas, vasoiras, comedeiros, manguera, etc).
- 9- O voluntariado poñerá especial atención en coidar as instalacións e o material necesario par levar a cabo as actividades do Centro.
- 10- O incumprimento destas normas será motivo de cesamento na actividade de voluntario/a.

(Nome).....con DNI
e domicilio en
Teléfono.....fago constar que coñezo estas normas e comprométo-me a
cumprilas, perdendo toda posibilidade de continuar como voluntario/a en caso de as infrinxir, de dificultar o
funcionamento do Centro ou de estragar o material ou as instalacións.
Horario.....
Día/as.....
Grupo de actividade.....

Santiago de Compostela, dede 200...

Sinatura: